


F E S T A   D A   P A L A B R A

S I L E N C I A D A



11

# AS NOVÍSIMAS

## PINTORAS GALEGAS

Publicación Galega de mulleres  
Galicia. 1995

## DE MUSA A LITERATA: Kathleen N. March le desde Maine a Rosalía

Katheleen N. March naceu en Rochester (Nova York) e doutorouse en literatura hispanoamericana pola Universidade de Búfalo coa tese *La visión de José María Arguedas: una aproximación literaria, cultural y lingüística*; na actualidade é catedrática do Departamento de Linguas Clásicas e Etranxeiras da Universidade de Maine. Mais desde a nosa perspectiva galega cómpre destacar que esta americana, estudiosa da literatura hispanoamericana, española e galega, foi unha das pioneiras do galaicismo en U.S.A., ao contribuír nesta tarefa como traductora do inglés ao galego e do galego ao inglés e como promotora da Asociación de Estudos Galegos en Estados Unidos. De feito, traduciu ao inglés unha escolma de relatos galegos titulada *An Anthology of Galician Short Stories. Así vai o conto* (1991) e a novela *La hija del mar* (1994) de Rosalía de Castro, verqueu ao galego o ensaio *Sobre o Poder e a Ideoloxía* (1992) de Noam Chomsky, foi a organizadora en 1985 do primeiro congreso daquela organización do que logo publicou as *Actas* e editou tamén o libro de *Homenaxe a Ramón Martínez López* (1990), filólogo galeguista que pasara parte do seu exilio como Catedrático de Filoloxía Española da Universidade de Texas. Ademais, realizou numerosos estudos sobre a literatura galega, desde Manuel Antonio ou Carballo Calero aos autores máis novos, pero especializouse na escrita de autoría feminina. Dentro deste campo de traballo centrado na

literatura das mulleres, que se viu facilitado polo programa de Women in the Curriculum desenvolvido na Universidade de Maine, ocupouse tanto das escritoras actuais, sobre as que fixo distintas aproximacións críticas e ás que antologou na obra titulada *Festa da Palabra. An Anthology of Contemporary Galician Women Poets* (1989), como das precursoras, entre as que analizou sobre todo a Rosalía de Castro na súa dimensión narrativa, traballo que deu lugar ao libro *De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro* que acaba de publicar, con data de 1994, Edicións do Castro.

A aparición agora en Galicia desta obra sobre Rosalía dá a coñecer ao público lector en xeral a importante faceta de crítica literaria feminista que Katheleen N. March viña desenvolvendo nestes últimos anos en distintas publicacións colectivas anglosaxonas ou galegas e en revistas como *Festa da palabra silenciada* ou o *Boletín Galego de Literatura*. Nunha nota limiar que abre *De musa a literata* a autora descúlpase por non ter publicado o libro en galego, "a lingua máis lexítima para escribir e publicar en Galicia" (9), ao tempo que xustifica a utilidade difusora do castelán e promete unha segunda edición en galego. Comprendemos a solidariedade nacionalista que motiva as súas palabras con respecto a un escrito que naceu en castelán no contexto do hispanismo norteamericano. Por outra parte e segundo os datos de que

dispoñemos, conxeturamos que as peculiares orixes espaciais e temporais do traballo poderían ser, entre outras, as causas da selección do aparello bibliográfico. Pensamos ademais que das súas particulares orixes proceden algúns dos aspectos máis problemáticos do libro, pero o que realmente importa é que neses mesmos principios radica a súa aportación máis importante: a lectura profundamente feminista da narrativa castelá de Rosalía e, por extensión, da propia figura da escritora.

En efecto, Katheleen March, guiada polo seu seguro posicionamento crítico feminista e apoiada no groso da tradición crítica norteamericana deste signo, procede a facer unha relectura da narrativa rosaliana, deconstruíndo as cegueiras de interpretacións anteriores que non tiveron en conta os factores xenéricos e reconstruíndo unhas novas creacións que resplandecen e se dan outras á luz dunha distinta dimensión de xénero. Desta maneira, a autora contribúe á revisión do canon literario decimonónico construído pola tradición patriarcal e súmase á multiforme feminización do mesmo que desde finais dos anos setenta vén realizando a crítica literaria feminista, coas novas valoracións de figuras literarias como Jane Austen, as irmás Brontë, George Sand, Madame de Staël ou Emily Dickinson, ás que agora se vén sumar Rosalía, e coa construción da xenealoxía feminina negada, que neste caso implica a inserción

Carmen Blanco

C R Í T I C A

da narrativa castelá da autora galega na tradición novelística específica das mulleres.

A obra divídese en nove capítulos, dos cales cinco están dedicados á análise das novelas *La hija del mar*, *Flavio*, *Ruinas*, *El caballero de las botas azules* e *El primer loco*. Mentres, o primeiro fai unha introducción sucinta á figura literaria rosaliana dentro do contexto social e cultural do rexurdimento, da problemática específica das literatas decimonónicas e do mundo literario galego en xeral, maioritariamente masculino. E, da mesma maneira, o último expón, nunha brevíssima conclusión, as teses básicas do estudo; a influencia exercida por un contexto social hostil sobre a literata liberal e feminista que foi Rosalía, a súa lúcida consciencia desta situación e a construción, con estes condicionantes, duns discursos novelísticos que xogan con dúas estratexias, a do rexeitamento aberto da escravitude das mulleres e a do enmascaramento simbólico e a mensaxe oculta. Así, Kathleen March descobre o que considera o cerne da creación narrativa rosaliana: a problemática procura feminina dun espazo propio no que desenvolver unha identidade coartada, busca que leva ao encontro de experiencias amorosas fracasadas, pese ao apoio buscado na forza marxinal das galaicas mulleres de terra que a inspiran:

Es significativo (...) que (...) Rosalía haya representando a menudo la lucha de una protago-

nista por encontrar o recuperar su propio espacio, papel o comportamiento discursivo -en una palabra, por crear su propio texto. A la vez, esta búsqueda de una expresión imaginativa propia- proceso liberador- va acompañada de experiencias amorosas fracasadas, violentas, frustradas. (...) No obstante, y a pesar de no estar conforme con la condición secundaria de su sexo, Rosalía mantiene un sentido fundamental de orgullo en el poder de aquellas mujeres que vivían en mayor libertad (porque ninguno querría arrebatarles esa dura vida de Fisterra, cabría pensar), que comprendían la fuerza de su herencia, la tierra, y no habían sido deformadas por la sociedad burguesa. Es decir, sus modelos constantes fueron Galicia y sus habitantes humildes: las gallegas. (340)

Nos capítulos nucleares do libro analízanse as cinco novelas pero tamén a prosa de "Lieders" e "Las literatas", xunto ao prólogo de *La hija del mar*, tres textos básicos para comprender os posicionamentos literarios e ideolóxicos da autora, así como o seu feminismo literario; estes escritos foran xa obxecto de estudos feministas mesmo pormenorizados, pero esta outra lectura, coincidindo no esencial, enriqueceos co seu propio enfoque, como acontece tamén coa lograda interpretación da primeira novela rosaliana, que se vén sumar ás lúcidas lecturas que, como a de Susan Kirkpatrick, afondan na saída frustrada do labirinto do desexo patriarcal que afasta a nai da filla pola seducción incesuosa do pai.

Igualmente, o conxunto narrativo rosaliano é estudiado en relación cos prólogos de *Follas novas* e de *Cantares gallegos*, pero tamén de maneira moi especial, sobre todo a propósito de *La hija del mar*, co ensaio "Defensa das mulleres" de Feijoo, un dos escritos clave do profeminismo ibérico. Así mesmo, establécense lazos comparativos cos presupostos ideolóxicos de Rouseau ou Fourier e coas estratexias feminino-feministas de autoras tan diversas como Juana Inés de la Cruz, Charlotte Perkins Gilman, George Eliot, Mary Shelley, Eliza Sharples, Kate Chopin ou Madame de Staël. Mais por enriba de todo destaca a pormenorizada análise da indubidable influencia do texto de Feijoo na escrita da nosa autora e os apuntes, a propósito de *Flavio*, sobre a tamén confirmada pegada da Staël e concretamente da súa novela *Corina*, citada de maneira explícita en *Follas novas*. Hai, así mesmo, comparacións coa escritora Emilia Pardo Bazán, que, seguindo a Francisco Rodríguez, fican no conflito nacionalista sen entrar nas complexidades da construción e reconstrución do canon literario español nin na análise feminista comparada desas dúas figuras literarias femininas.

Tal como a autora nos indica na introducción, o propósito dos capítulos dedicados ás cinco novelas é facer unha lectura rectificadora de Rosalía como narradora en castelán, para mostrar, fronte á incompreensión e o menosprezo tradicio-

## C R Í T I C A

nais, a intencionalidade feminista coa que as obras foron escritas, e para situar á escritora dentro do "marco social realista, combativo y nacional" (28), seguindo posicionamentos críticos apegados á lexitimidade exclusiva do realismo. Katheleen March toma este camiño, mais nel cingúese ao propio texto rosaliano e é así como vai descubriendo as complexas estratexias da escritora para subvertir o poder do discurso patriarcal, efectuando rupturas dentro dos modelos románticos e realistas que a levan a conxugar múltiples xogos de perspectivas para poder manifestarse desde a súa condición marxinal. O centro do libro e, desde a miña perspectiva, o seu maior valor, está nesta lectura feminista de ti a ti que confronta creadora e crítica na reescritura dun novo texto sutilmente recreado co apoio da plural subxectividade feminina e a comunal intersubxectividade feminista. Para min foi un pracer ver de novo a Rosalía coa mirada amiga e solidaria que Katheleen March deita desde Maine. E, igual ca min, as lectoras e os lectores futuros do estudio de March encontrarán unhas novelas rosalianas distintas das que leran antes, pero sobre todo das que lles fixeron coñecer e, desde logo, moito máis innovadoras e apaixonantes. Neste sentido podemos afirmar que *De musa a literata: el feminismo en la narrativa de Rosalía de Castro* é unha aportación crítica fundamental dentro dos estudos rosalianos. ▲



"...po serei, mais po namorado". Menchu Outón

C R Í T I C A